



*Este texto é un agasallo do autor para
as Bibliotecas Escolares de Galicia, co gallo do*
Día Mundial do Libro, 2010
Ano do Libro e da Lectura de Galicia

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Somos seres dotados para a linguaxe e grazas a ela e con ela construímos o que somos. Temos por iso unha inesgotable confianza nas palabras, no seu poder para argumentar e emocionar, para persuadir e civilizar. Coas palabras elaboramos mundos, teorías, relacións, ficcións, leis, sonos..., aínda que tamén con elas podemos destruír, danar, enganar ou confundir. É por iso que, entre outras misións, confiamos nas palabras para defender as virtudes e as recompensas da lectura. Estamos convencidos de que se acertamos nas descricións, as metáforas ou os razoamentos poderemos orientar aos escépticos ou os indiferentes cara aos libros, impulsalos a descubrir os gozos que outros descubriron antes.

Eu, aínda que gran parte dos días me mostro seguro da forza das palabras para invitar a ler e procuro ser consecuente, non poucas veces dubido de que a reiterada apoloxía da lectura poida despertar curiosidade, ánimo ou paixón polos libros. É posible mostrar realmente a alegría dende a que un fala cando defende a lectura dun libro? Que perciben en verdade os outros cando observan o meu entusiasmo ou o meu silencio ditoso? Entenden os meus argumentos ou dan o mesmo significado a palabras como emoción, pracer ou fantasía? Neses días indecisos penso que é imposible traspasar a outros a íntima felicidade que un sentiu lendo un poema, un ensaio, un conto, unha novela. O titubeo non impide, non obstante, a perseveranza.

É por iso que sempre preferirei a discreción do exemplo á baranfunda dos discursos. Se me presento ante un grupo de nenos límitome a abrir un álbum ilustrado e lelo con delicadeza e fervor, se estou en fronte de adolescentes non lles falo nin como un colega nin como un académico senón como alguén que coa súa idade descubriu nos libros o que a vida lle ocultaba, se debato cos meus alumnos procuro inculcarlles amores antes que deberes cara aos libros, se traballo con profesores aléntoos a actuar sempre como lectores antes que como eruditos, se me dirixo a nais ou pais intento facerlles ver a importancia de ofrecer modelos e estímulo, se converso con outros lectores sobre un libro non oculto os meus pensamentos pero non os erixo en verdade. Non sei se esa actitude é convincente, se axuda ou non a crear lectores, pero penso que actúo como deberían actuar sempre os lectores, sen arrogancia, sen conciencia de superioridade, procurando regalar o único que nos está permitido: o testemuño dunha alegría, a manifestación dunha experiencia singular cun conxunto de palabras que alguén armou para nós, aínda que o seu rostro nos sexa descoñecido ou a súa vida transcorrese hai milenios ou o seu cuarto diste centos de quilómetros do noso.